

Continuando *A illa do tesouro*.

O esforzo titánico dunha novela de piratas na tradición universal

- “Outro acerto do autor é incardinar a tradición da novela de piratas, mesmo aproveitando os personaxes de Stevenson, (...) coa tradición literaria galega”.
- “Algúns dos parágrafos son máis ca acaídos para seren comentados nas aulas”
- “Dentro da novela de aventuras atopamos un apartado, o da chamada ‘novela de piratas’, que podemos considerar fixado por *A illa do tesouro* de R.L. Stevenson, publicada en Londres en 1883. A novela de Lema é unha novela de piratas, posto que pretende nada menos que continuar a obra de Stevenson, máis tamén é unha reconstrución histórica da Costa da Morte e, por extensión, da Galicia do século XVIII”.
- “As novelas de piratas contan con certa tradición na literatura galega. (...) Agora Lema incide no mesmo subxénero novelesco, mais de xeito moi ambicioso, continuando e reescribindo a obra que fixa este subxénero, *A illa do tesouro*.”
- “O autor utiliza a técnica do manuscrito atopado para presentar o seu relato, que supera as seiscentas páxinas. Preséntase como un simple tradutor dun manuscrito inglés que lle envía un correspondente desde a Gran Bretaña e investigador de faros coma el. Limitarase a traducilo. Neste manuscrito refaize o desenlace de *A illa do tesouro*.”
- “A aventura da Costa da Morte ten os ingredientes propios da novela de piratas: o capitán pirata cruel e ata caricaturesco René de Saint-Syr, abordaxes, persecucións, enganos e un feixe de elementos propio deste tipo de relato. Este subxénero alíase co da novela sentimental-amorosa ou mesmo bizantina ao presentarnos os difíciles amores entre o Chavián, rapaz do pobo, e a fidalga Mariña, onde nin sequera falta a ‘anagnórese’ dos personaxes.”
- “A novela tenta ser unha recreación da Costa da Morte e mesmo da Galicia do século XVIII, cos seus fidalgos, foros, imaxineiros, perseguidos pola Inquisición, burgueses da Coruña, fidalgos racionalistas ou brutáns e ata crego iluminados que defenden a colectivización das propiedades privadas ou a independencia de Galicia”.
- “Outro acerto do autor é incardinar a tradición universal da novela de piratas, mesmo aproveitando os personaxes de Stevenson e continuando-alterando o seu argumento, coa tradición literaria galega, tanto popular oral como culta e escrita, posto que a novela constitúe tamén unha homenaxe á literatura de tradición oral da Costa da Morte e á literatura xa culta sobre esta mesma zona xeográfica.”
- “Xa que logo, un esforzo titánico en certo xeito o que fixo nesta súa primeira novela o historiador, etnógrafo, xeógrafo e lexicógrafo. Non sempre acerta, o que é normal nunha primeira novela, pero no seu conxunto o resultado é mellor ca bo.”
- “Algúns dos seus parágrafos son máis ca acaídos, tanto os de puras aventuras coma os de información histórica e etnográfica, para seren comentados nas aulas. E tamén para acceder á lectura dese clásico universal que é *A illa do tesouro*.”

[Rodríguez Alonso, como é habitual nas súas críticas, tamén sinalaba erros lexicográficos e gramaticais, a maior parte deles corrixidos na 2ª edición].

(M. Rodríguez Alonso, blog *Bouvard e Pécuchet*)